



## RESOLUCIÓN DA DIRECCIÓN DA AXENCIA GALEGA DE CALIDADE ALIMENTARIA

Procedemento: Provisión mediante a contratación obra ou servizo de duración determinada, técnico especialista en avaliación da severidade dos lumes forestais, modalidade contractual de proxectos de investigación científica e técnica para o desenvolvemento de actuacións de I+D+i

Proxecto: Estratexia conxunta para a protección e restauración dos ecosistemas afectados por incendios forestais. Xestión integrada en zonas naturais de alto risco”, EPyRIS (Interreg-Sudoe SOE2/P5/E0811)

No DOG núm. 84 do 4 de maio de 2020 publicouse o proceso de selección de persoal para a contratación dun técnico I especialista en avaliación da severidade dos lumes forestais, modalidade contractual de proxectos de investigación científica e técnica para o desenvolvemento de actuacións de I+D+i, para o desenvolvemento do proxecto de investigación titulado “Estratexia conxunta para a protección e restauración dos ecosistemas afectados por incendios forestais. Xestión integrada en zonas naturais de alto risco. EPyRIS”, (Interreg-Sudoe SOE2/P5/E0811).

O director da Axencia Galega da Calidade Alimentaria é competente para resolver o expediente segundo o Decreto 52/2018, do 5 de abril, polo que se crea a Axencia Galega da Calidade Alimentaria, Agacal, DOG núm. 130, do 30 de maio de 2018, e se aproban os seus estatutos e a Resolución do 5 de setembro de 2012, DOG núm. 178 do 18 de setembro de 2012, de delegación de competencias na persoa titular da dirección da Agacal.

Segundo a base Décimo quinta.- Resolución da convocatoria, e a proposta da Comisión de Selección do 3 de decembro de 2020.





## RESOLVO

Que se contrate mediante a modalidade contractual por obra ou servizo de duración determinada para o desenvolvemento de proxectos específicos de investigación científica e técnica ao candidato:

- José María Fernández Alonso

Contra a resolución da convocatoria, os interesados poderán interpoñer recurso potestativo de reposición ante a Dirección da Agacal, nos termos do artigo 123 e 124 da Lei 39/2015, do 1 de Outubro, de procedemento administrativo común, ou directamente recurso contencioso administrativo ante o xulgado do contencioso-administrativo no prazo de dous meses, contados desde o día seguinte ao da publicación da resolución do proceso selectivo, ou no prazo de seis meses, contados desde o día seguinte a aquel no que se entenda desestimada a solicitude por silencio administrativo.

Santiago de Compostela,

José Luis Cabarcos Corral

Director da Axencia Galega de Calidade Alimentaria

